A MIÑA NOITE CON MAUD
[Éric Rohmer, 1969, Francia, 110', VOSE]

Título orixinal ***Ma nuit chez Maud***
Serie **Contos morais**
Lingua orixinal **Francés**
Dirección e guión **Éric Rohmer**
Fotografía **Néstor Almendros**
Son **Jacques Maumont, Jean-Pierre Ruh, Alain Sempé**
Música **Mozart**
Montaxe **Cécile Decugis**
Reparto **Jean-Louis Trintignant, Françoise Fabian, Marie-Christine Barrault**
Produción **Les Films du Losange**
Distribución **A Contracorriente**

Jean-Louis é un enxeñeiro católico que se incorpora ao seu novo traballo en Clermont-Ferrand logo dunha estancia de varios anos en América. Un día, á saída da misa, fíxase en Françoise, unha muller loira coa que presente que ha casar algún día, mais pérdea entre a multitude. Por outra banda, Jean-Louis atopa ao seu vello amigo Vidal, marxista convencido, que o leva a casa de Maud, unha muller divorciada, con quen pasa a noite falando de filosofía.

VINDEIRAS SESIÓNS **XUÑO 2021**

MARTES 8 ás 20:30 h
UN VERÁN CON MÓNICA (Ingmar Bergman, 1953, 97', VOSE)

LUNS 14 ás 20:30 h
O RAIO VERDE (Éric Rohmer, 1986, 99', VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Filmoteca de Galicia

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #26
7.6.2021

A MIÑA NOITE CON MAUD

ÉRIC ROHMER

CINECLUBE PONTEVEDRA
CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE-FILMOTECA DE GALICIA

CARTA A UN CRÍTICO

A PROPÓSITO DOS *CONTOS MORAIS*

O meu cine, dis, é literario: o que digo nos meus filmes poderíao dicir nunha novela. Si, mais trátase de saber que é o que *dig*o. O discurso dos meus personaxes non é forzosamente o do meu filme.

Nos meus *contos*, é certo, hai unha intención literaria, unha trama novelesca establecida de antemán, que podería ser un material para desenvolver por escrito, como ás veces efectivamente fago, en forma de «comentario». Mais nin o texto deste comentario nin os diálogos son o meu filme: son cousas que filmo, do mesmo xeito cás paisaxes, os rostros, os andares, os xestos. E se ti dis que a palabra é un elemento impuro, xa non te sigo: a palabra forma parte, igual cá imaxe, da vida que eu rodo.

O que eu *digo*, non o digo con palabras. Tampouco o digo con imaxes, malia que lles pese a todos os sectarios dun cinema puro que *falaría* coas imaxes coma unha persoa xordomuda fala coas mans. No fondo, eu non *digo*, mostro. Mostro xente que actúa e fala. Iso é todo o que sei facer, mais aí está a miña verdadeira intención. O resto, concordo, é literatura.

É certo que podería *escribir* as historias que filmo. A proba é que efectivamente as escribín xa: hai moito tempo, cando non descubrira aínda o cinema. Mais non me sentía satisfeito. Non sabía escribilas ben. Por iso as filmei. Ía á procura dun estilo, mais non apuntaba en absoluto a Stendhal, Constant, Mérimée, Morand, Chardonne e outros de quen me consideras discípulo. A esta xente frecuenteina pouco ou nada, mentres que non deixo de ler a Balzac, Dostoievski, Meredith ou Proust, autores prolixos, ricos, frondosos, que me achegan a presenza dun mundo que vive a súa propia vida. Gústanme e frecuéntoos, como frecuento o cinema que tamén me descobre a vida. E cando filmo, procuro arrincarlle todo o que podo á vida mesma, para lle dar consistencia á linealidade do meu argumento. Non penso moito neste, que é unha simple armazón, senón nos materiais cos que o recubro e que son as paisaxes en que sitúo a miña historia, os actores que escollín para interpretala. A elección destes elementos naturais e a forma con que poderei retelos nas miñas redes sen alterar as súas forzas vitais acaparan no esencial a miña atención.

Onde atopo os meus temas? Na miña imaxinación. Xa dixen que vexo o cinema coma un medio, se non de reproducir, si de representar, de recrear a vida. Debería, logo, por lóxica, atopar os meus temas na miña experiencia. Pois non, en absoluto: son temas de pura invención. Non teño ningunha competencia especial nas cousas das que trato, non convoco os meus recordos nin as miñas lecturas. Non hai claves nos meus personaxes, non utilizo cobaias.

Concebín os meus contos morais coma seis variacións sinfónicas. Coma o músico, varío o motivo inicial, ralentízoo ou acéleroo, amplíoo ou redúzoo, doulle corpo ou depúroo. A partir desta idea de mostrar un home interesado por unha muller no mesmo intre en que vai relacionarse con outra, puiden construír as miñas situacións, as miñas intrigas, os meus desenlaces, mesmo os meus caracteres. O personaxe principal, por exemplo, nun conto, será un puritano, coma en *A miña noite con Maud*, noutro será un libertino, coma en *A coleccionista* ou *O xeonllo de Claire*, tanto frío coma exuberante, flegmático ou sanguíneo, ás veces máis novo cás súas parellas, ás veces de máis idade, unhas veces máis inxenuo, outras desalmado. Non fago retratos do natural: dentro dos límites restrinxidos que me impoño, presento diferentes tipos humanos posibles, tanto do lado das mulleres coma dos homes. O meu traballo limítase así a unha vasta operación combinatoria que proseguín sen método, certo, aínda que podería perfectamente confialo ao coidado dun computador, coma algúns músicos actuais.

Cando emprendín a rodaxe dos meus *contos morais*, pensaba moi inxenuamente que podería mostrar baixo unha nova luz algunhas cousas —sentimentos, intencións, ideas— que até entón só recibiran unha iluminación literaria. Nos tres primeiros, utilicei amplamente o comentario. Era facer trampas? Si, se ese comentario contiña o esencial das miñas intencións, relegando a imaxe ao papel da ilustración. Non, se da confrontación dese discurso cos discursos e o comportamento dos personaxes xurdía unha especie de verdade completamente diferente da letra de textos e xestos, que sería a verdade do filme.

A acción filmada e as palabras pronunciadas fóra de campo non se sitúan xamais, por exemplo, nun mesmo *tempo*, estando unha en presente ou en pretérito indefinido, e as outras case sempre en pretérito imperfecto. O comentario xeneralizaba o caso particular que dera a ver na pantalla, lingándoo máis estreitamente cos acontecementos anteriores e posteriores, quitándolle tamén, confeso, un pouco da súa singularidade, do seu encanto de cousa presente e unicamente presente. Ao tempo tamén lles quitaba aos meus personaxes bastante do seu misterio e da simpatía que o espectador estaba disposto a sentir por eles. Mais a min metéraseme na cabeza, atinada ou erradamente, levar o meu público máis aló dese misterio doado e desa simpatía equívoca.

En *A miña noite con Maud*, pola contra, o protagonista falaba demasiado extensamente sobre si mesmo, en presenza dos seus diferentes interlocutores, como para que o espectador puidese soportar, á parte, aínda máis confidencias. Así pois, só se afirmaba como narrador por mediación do título do filme e de dúas frases breves destinadas simplemente a evitar falsas pistas.

Extractos de ROHMER, ÉRIC (2000). *El gusto por la belleza*. Barcelona: Ediciones Paidós, páx. 117-121.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.